

PROGRAMA PSOE ELECCIÓNS 2005

Medios de comunicación

Nunha sociedade democrática os medios de comunicación de titularidade pública xogan un papel fundamental, pola súa especial responsabilidade na formación e desenvolvemento dos modos, formas e pautas de comportamento democrático da sociedade, converténdose en garantes do pluralismo e a democracia.

Resulta, pois, necesario lexitimarlos medios públicos de comunicación, devolvéndolles ós cidadáns o control último sobre a súa xestión e promovendo o seu papel como instrumento básico da liberdade de expresión, do pluralismo e da cohesión e o equilibrio democrático.

Por todo isto, a televisión e a radio públicas galegas deben ter unha finalidade formativa, na que a difusión e o reforzo dos valores estatutarios e

A televisión e a radio públicas teñen que ser un instrumento básico na vertebración do país, promovendo a cultura e a lingua galegas, cunha identidade propia, pero aberta ó mundo e integradora.

En último termo, os medios públicos de comunicación teñen que asegurar unha opinión pública democrática, impulsando o debate e o pluralismo con imparcialidade, converténdose nun referente de calidade e rigor, nun verdadeiro

motor da nosa industria do audiovisual e, ó traveso das novas tecnoloxías que chegan da man da dixitalización, nunha canle para que cada galego poida dispor na súa casa dun acceso propio a sociedade da comunicación.

Sen embargo, en Galicia a situación dos medios públicos de comunicación dista moito de desenvolverse dentro destes parámetros democráticos. Non hai máis que recordar as denuncias dos traballadores da televisión e a radio públicas galegas, e, concretamente, as 15.000 sinaturas presentadas no Parlamento Galego solicitando transparencia e pluralidade e sinalando que a censura, a manipulación, o servilismo e o desinterese eran os aspectos que primaban no funcionamento deses medios.

Os cidadáns galegos teñen dereito a dispor de medios públicos de calidade, dotados dos instrumentos axeitados á súa función ó servizo da sociedade. Polo tanto, unha televisión e radio públicas galegas comprometidas cos valores constitucionais, coa cultura e a realidade social de Galicia e cuns informativos nos que a veracidade e a obxectividade sexan a seu sinal de identidade.

Para facelo posíbel hai que establecer mecanismos que aseguren a independencia política dos medios, en relación cos distintos gobernos e con outros intereses parciais que poidan existir nos ámbitos económicos e sociais, e garantan a profesionalización na dirección e orientación dos mesmos.

O novo goberno da Xunta impulsará unha reforma en profundidade do conxunto do sistema do audiovisual galego, baseada no compromiso dos medios de comunicación de titularidade pública coa sociedade, que é, en definitiva, a súa verdadeira titular.

En consecuencia, un dos primeiros obxectivos da nova etapa de goberno que os socialistas queremos abrir, será dota-lo servizo público de radio e televisión dunha nova lexitimación democrática que remate coa súa dependencia do executivo; afianza-la independencia dos medios públicos; prioriza-la calidade dos contidos e vincula-los medios públicos ó pulo necesario da industria audiovisual e cinematográfica, así como na defensa, protección e conservación do patrimonio audiovisual de Galicia.

Obxectivos

- Lexitimación democrática do servizo público da radio e televisión galegas
- Impulso de xestión profesionalizada e independente dos medios públicos
- Integración da radio e televisión galegas no sistema educativo e cultural

do país, converténdose nunha ferramenta de uso público para acadar fins educativos e formativos.

- Asumir os retos tecnolóxicos da dixitalización
- Información veraz, completa e imparcial, respectando o pluralismo social e político existente na sociedade galega.
- Contribución á creación e afortalamiento dunha sólida opinión pública que faga posible a democracia participativa e deliberativa.
- Compromiso no desenvolvemento e impulso da industria audiovisual galega como sector estratéxico de presente e de futuro.

Medidas

1. Dotar de independencia á CRTVG a respecto do poder executivo.
2. Modificar o Estatuto de Autonomía e promover o cambio oportuno nas leis estatais que permitan que a Xunta de Galicia teña a titularidade dos medios públicos galegos (singularmente, modificación da Lei do Terceiro Canal e da Lei de Ordenación Xeral das Telecomunicacións)
3. Elaborar a Lei Galega do Audiovisual, que nos dotará dun novo marco legal, que ordeará o sector da comunicación no ámbito público e privado.
4. Crear un organismo regulador e de control, como autoridade independente, o Consello Audiovisual de Galicia, para garantir a autonomía, a transparencia de xestión e o pluralismo político dos medios públicos.
5. O Director Xeral da CRTVG será nomeado polo Pleno do Parlamento de Galicia por un único mandato de seis anos, e cunha maioría cualificada de 3/5 dos membros da Cámara.
6. Implantar a figura do Defensor dos telespectadores e dos radioouvintes, quen realizará un traballo sistemático para canaliza-las queixas e as demandas dos cidadáns, analizando as súas propostas e avaliando a aceptación da programación e a súa calidade.
7. Creación dun código deontolóxico e a creación do estatuto do xornalista

profesional.

8. Erradicar o uso partidista da publicidade institucional. Para conseguir isto é necesario regular con claridade o marco no que debe desenvolverse.
9. Garantir con imparcialidade a prestación de servizos profesionais nos procesos electorais, facilitando así en condicións de igualdade e proporcionalidade a participación política: a dos diferentes grupos políticos, presentando e defendendo os seus respectivos programas, e a dos cidadáns en xeral á hora de formar unha opinión e decidir o sentido do seu voto. A tal efecto, son imprescindíbeis debates non teatralizados nin dirixidos tanto na radio como na TV.
10. Incentivar a difusión exterior da TVG e a RG, non só pola numerosa diáspora senón pola internacionalización da imaxe de Galicia.
11. Converter á CRTVG no motor da sociedade dixital da Galicia do século XXI e tamén no motor da produción audiovisual galega
12. Adoptar tódalas medidas necesarias para garantir a competitividade do sector audiovisual galego, que consideramos como un sector estratéxico de presente e de futuro, regulando as novas canles televisivas, protexendo a propiedade intelectual e poñendo en marcha o observatorio do sector audiovisual.
13. Prestar especial atención á comercialización e ó acceso a novos mercados, á dotación de infraestruturas, ás novas tecnoloxías, ó capital humano, á política de axudas; potenciarase o sector de animación e multimedia.
14. Desenvolver unha política económica productiva, priorizando a busca de talento creativo, facendo que o sector se mova baixo parámetros de calidade e singularidade.